


MANUAL APLICACIÓN: IES AAR RETO 2000 KM

Pantalla de inicio: Na primeira execución da aplicación, a aplicación solicitará permiso para acceder ao almacenamento do teléfono. Hai que concederllo para que garde os datos das actividades e os nosos datos. Na primeira execución vai a pedir tamén o nome e apelidos e o curso. É importante poñer os datos reais porque serán os que utilice para enviar os correos coas actividades. Unha vez cubertos prememos *Continuar*.




Nome e apelidos

Curso

Continuar

Neste momento abrírase a pantalla co menú. O menú ábrese pulsando sobre as tres liñas da esquina superior esquerda.



Para abrir o
menú



Indica os
quilómetros
que faltan
para
acadar o
obxectivo.




Manual aplicación: IES AAR RETO 2000 KM
Proxectos de vida activa e deportiva - PDC

Para comezar unha nova actividade debemos, previamente, activar o GPS no noso teléfono (a aplicación non pode activalo automaticamente). No menú hai que darlle a “Nova actividade”. Apareceranos a seguinte pantalla e pediranos o seguinte permiso:




Símbolo que indica que o GPS está activo



Debemos conceder o permiso para que a aplicación poida facer uso do GPS e contabilizar a distancia recorrida. Mentres o GPS non nos detecte non aparecerá o botón para poder empezar a actividade. Se a precisión do GPS é menor a 10 m, a pantalla porase de color verde.

Pulsamos o botón “Comenzar” para empezar a actividade. O marcador da ubicación converterase nun boneco amarelo e marcará a nosa ruta en vermello segundo nos movamos.




Neste punto é importante **NON APAGAR a pantalla do móbil nen saír desta pantalla**, xa que o GPS deixará de funcionar. Cando rematemos a actividade pulsamos o botón "Terminar" para que a aplicación garde a actividade (unicamente garda a hora, a distancia e o tempo, non garda a ruta) e que nos indique a distancia que queda por percorrer para conseguir o reto.



Distancia
percorrida

Tempo empregado hh:mm:ss:cc

Nesta pantalla pódese enviar un correo con todas as actividades, o teléfono utilizará a aplicación predeterminada para facelo e o asunto e a mensaxe conformaranse de xeito automático (tan só hai que enviar o correo)



O alumnado pode facer unha captura disto e enviala por correo ao correo deporteaar@gmail.com indicando no asunto Reto 2000km + curso + nome e apelidos.

Para volver ao menú pulsamos o botón *Atrás* do noso móbil.

Se queremos ver todas as actividades imos ao *menú*->*Ver actividades* e aparece un listado das actividades e a distancia total percorrida. Cando as actividades ocupan máis dunha pantalla poderase utilizar a barra deslizante da dereita (barra violeta con bola amarela).





Pódense cambiar os datos do perfil de usuario (por se nos trabucamos na primeira execución), no menú perfil de usuario e pódense borrar

todas as actividades xuntas (NON é posible borrarlas individualmente) no menú borrar actividades. Non pasa nada por enviar o correo con actividades xa enviadas (eliminaranse as actividades duplicadas).



Debido a que a aplicación usa unha base de datos externa para almacenar a distancia que falta para conseguir o reto, é posible que nalgún momento nos aparezan erros coma os seguintes:



Debemos ignorar estes erros e continuar usando normalmente a aplicación (que non perde funcionalidade). Calquera outro tipo de erro, fainos chegar unha captura de pantalla á dirección deporteaar@gmail.com